

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRA-
ORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DE 28 DE DECEMBRO DE 2017.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

Non asiste:

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA
CONVOCATORIA.-**

Acordouse ratificar a urxencia.

**2.- EXPEDIENTE 6071/2017. TRASPASO DE COBRO EN
EXECUTIVA A ESPINA E DELFÍN. AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse Traspasar o importe de 2.115,63 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recadación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adebedadas á

concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

3.- EXPEDIENTE 6063/2017. RELACIÓN DE FACTURAS.-

Acordouse aprobar a relación de facturas Nº 00088 por importe de 139.535,42 €.

4.- EXPEDIENTE 5275/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS. PLAN CONCELLOS 2017.-

Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra (nº rex. 10258 de 27/12/2017) polo que notifican a concesión da seguinte subvención ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016:

INVESTIMENTO	IMPORTE CONCEDIDO
Adquisición de vehículos para a brigada municipal de obras	20.000,00 euros

5.- EXPEDIENTE 4997/2017. PROPOSTA DE ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS.-

Acordouse recoñecer a obriga correspondente á dotación económica para os grupos políticos municipais que se indican conforme á Base 26 de Execución do Presuposto Xeral para o exercicio 2017, consonte o disposto na alínea 3ª do artigo 73 da lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establecéndose unha asignación económica global para os grupos políticos con representación no Pleno da Corporación por importe de 10.000 €.

6.- EXPEDIENTE 3198/2017. CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL ROTEIROS DE LALÍN.-

Acordouse outorgar os premios do Iº Concurso de fotografía dixital Roteiros de Lalín.

7.- EXPEDIENTE 5876/2017. CONTRATO DE OBRAS PARA URBANIZACIÓN E AXARDINAMENTO DA PRAZA DE GALICIA. FASE III.-

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “URBANIZACIÓN E AXARDINAMENTO DA PRAZA DE GALICIA – FASE III”.

8.- EXPEDIENTE 4826/2017. LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DO CIM.-

Acordouse aprobar as liquidacións ao Concello de Rodeiro por importe de 156,60 euros e 344,52 euros a que ascende ao importe a aportar polo Concello de Rodeiro correspondente a Convenio de Colaboración marco para a prestación conxunta do servizo do centro de información á mulleres, entre o Concello de Lalín, o Concello de Rodeiro e o Concello de Agolada dous anos 2016-2017.

9.- EXPEDIENTE 5681/2017. PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS NO CONCELLO DE LALÍN 2017.-

Acordouse aprobar a Acta da Comisión de Avaliación de 28/12/2017 e a proposta de resolución de 28/12/2017, relacionar os solicitantes propostos/as para adquirir a condición de beneficiarios/as da axuda do PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS NO CONCELLO DE LALÍN.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 19:58 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.

